

Vicente Risco e o mundo artúrico. Unha aproximación

Luís Martínez-Risco Daviña
Fundación Vicente Risco

Vicente Risco (Vicente Martínez-Risco Agüero, Ourense 30 de setembro de 1884 – 30 de abril de 1963) foi non só un dos maiores, senón un dos escasos pensadores peninsulares do século XX, ese século que el esperaba superase os erros e os horrores do, na súa visión, errado e desilusionante XIX. Tras unha etapa decadentista, orientalista, ocultista e teosófica, dedica a súa vida a deseñar Galiza como escritor singular, analizándoa como etnólogo e interpretándoa como intelectual, contribuíndo a sentar as bases do pensamento nacionalista galego. Gran coñecedor da vida cultural europea do momento e das diferentes correntes filosóficas e relixiosas mundiais, busca interpretar o mundo dende unha perspectiva galega e integrar a cultura galega no plano internacional, pois como europeo non eurocentrista soñou cunha Europa das nacións na que Galiza participase en pé de igualdade.

Intentar coñecer o pensamento de Vicente Risco é un labor incómodo pola súa complexidade e polo esforzo intelectual que supón o non caer en tópicos máis ou menos interesadas coas que, xa dende antes do seu pasamento, se pretende reducir o seu universo intelectual, caracterizado polo seu afastamento do mundo da lóxica e fundamente irracional. O que non casa cos que no nome de calquera lóxica pretenden arrogarse o dominio da razón. E neste aspecto cómpre recoñecer que certa ortodoxia católica coincide con certo marxismo dogmático na incompreensión dun Risco abertamente católico, ao seu xeito, e declaradamente anticomunista, a pesares de contar entre os seus máis achegados declarados comunistas, incluído mozos que na escuridade intelectual do franquismo procuraban no Ourense da época un facho que os guiara cara á modernidade. E ese facho non foi outro que don Vicente Risco quen, estando xubilado do seu labor docente na Escola Normal de Ourense dende 1954, aproveita para abrir o mundo a todo aquel que, con independencia da súa ideoloxía, acudía ás súas tertulias, nas que o mestre escoitaba máis que falaba. Mais o deixar falar, en especial aos máis novos, tiña a contrapartida de que cando el falaba, ... E ás veces a modo de recompensa, ás agochadas por mor das circunstancias políticas, mostráballes no seu gabinete libros e debuxos de autores entón prohibidos, aproximándoos a unha vangarda da que nunca renegou e a unha modernidade que sempre procurou dende o seu conservadurismo, non tanto na práctica e relacións sociais como no existencial ou político. Contradicións. Tal vez. Mais ao mellor non tanto en

quen se define a si mesmo como “heterodoxo en todo menos en materia de relixión”.

Na altura de 1917, na etapa en que funda e dirixe *La Centuria*, Risco era un inadaptado. Como outros homes da súa xeración arrastraba o turrieburnismo finisecular e exquisito, que empalmou despois cos movementos de vangarda. Tratábase dunha etapa esteticista, antisocial, caracterizada polo exotismo. O propio Risco cualificou esta súa primeira etapa de “antisocial, antigregaria, individualista e introvertida” no seu clarexado ensaio *Nós os inadaptados*. Vivía, pois, Risco espiritualmente afastado, atraído polo lonxano — era «a cobiza do lonxe», unha expresión tomada de Viqueira —, considerándose «anormal por supernormal», introvertido, convencido do principio básico de que «ser diferente é ser existente». Unha das manifestacións desta «cobiza do lonxe» era, en efecto, o interese cultural polo xeográfico e historicamente distante: a India, África Central, o Tíbet, Exipto, Babilonia, etc. E para comprender esta fase da súa formación intelectual, deberíamos mergullarnos no mundo da Teosofía, ese movemento espiritual do eclecticismo occidental no que se funden cristianismo, budismo, hinduísmo, e en particular a súa relación con Mario Roso de Luna.

Deixou Risco de ser un inadaptado? En certo modo, non. Pois, polo de pronto, non podía atoparse a gusto no medio da pseudocultura urbana colonizada imperante na burguesía e asistindo ao proceso dunha desgaleguización progresiva. Non era só na Galiza, senón en toda a civilización occidental onde corrían tempos de crise. Grande suscitador de temas, desvelador de concepcións caducas, actualizou agudas interpretacións que gozan aínda de prestixio e curiosidade intelectual. Os «homes de espírito», escribe Risco, en tempos de crise, convértense en inadaptados.

----000----

Vicente Risco é un galego educado nunha tradición historiográfica na que o céltico, mais que o propiamente celta, ten unha importancia ideolóxica fundamental. Defende un idealismo historiolóxico que lle fai crer que as grandes transformacións socioeconómicas e políticas son o resultado da aplicación e difusión dos sistemas de ideas ou de valores, e con certa carga de providencialismo. Asemade oponse a toda interpretación da historia que, na súa opinión, simplemente actualiza as visións "mecánicas" ou "metafísicas". Esboza o pasado dos pobos europeos dende a prehistoria en clave de oposición entre o espírito latino e o céltico-xermánico ou, noutras verbas, como mediterraneismo *versus* atlantismo.

Da pegada dos Orientes ao mundo céltico pasando pola Atlántida. E dentro deles, como non, o mundo artúrico, ao que se aproximou, como aos outros mundos referidos, ao longo dunha vida obsesionada na procura do *ser*. O propio, *eu*. E o colectivo, *nós*. Cando o *eu* e o *nós* casan, o home vive en harmonía coa “Terra”, que se transforma nunha forza cósmica e enigmática, forxadora da alma da nación. Perante desa forza, a raza fica relegada ao pasivo papel de vehículo: os homes pasan, a Terra vive sempre. A Galiza real é a que ten como base o vencello sentimental coa Terra, co sentimento da Terra como «manifestación de Deus», sentencia un Risco en certo modo panteísta.

Polo tanto, non debe sorprendere que as néboas que envolven ao rei Arturo formen parte dese mundo interior dunha Galiza que quixera liberada. Non só no político e no económico, senón que principalmente no intelectual. Sen unha cultura propia, sen un imaxinario propio, Galiza non ten razón de ser. Entende Risco que a cultura vive e medra nas tensións entre o local e o universal e, consecuentemente, debe participar do xeral e do particular. Levado por esa idea, a través da tradución, promoverá a recepción de textos doutras literaturas, no espazo e no tempo. E nesa tensión é, no meu entender, que o rei Arturo e o mundo céltico teñen un papel destacado pois dan unha dimensión universal á realidade local. É algo que Galiza comparte con outros pobos non hispanos: Irlanda, Bretaña, Gales, a Britania anterior ás invasións anglosaxonas, ... Un mundo que a fai particular, propia e diferente nunha España centralista para a que o castelano é a única forma de cultura e de expresión. Posicionamento que non ía con quen teimou, con certo éxito, en que a cultura galega dialogase en pé de igualdade coas demais culturas, fiel á súa declaración de que “Galiza ten o deber de contribuír á cultura universal”. Polo tanto, o elemento céltico, no que o mundo artúrico xoga un papel fundamental, é clave para reforzar o carácter identitario de Galiza. Aínda que sexa fundamental recorrer ao mundo do irracional, ao mundo das ideas e da ensoñación. Un mundo mítico, un pasado imaxinario que agroma con máis forza que o pasado real. Teñamos presente que, para Risco, o mito ensina o significado e o sentido da vida. Non na súa realidade, mais si na súa verdade profunda.

Falamos de teosofía, de inadaptación, dun Occidente non eurocentrista e dun Oriente ao que recorrer. Falamos dunha Europa que se debe de construír dende o espírito e non dende a razón. Dun mundo no que o home viva en harmonía coa paisaxe e respectando a Terra como manifestación de Deus. E penso que é aquí onde o Risco máis occidental é que olla para o mundo artúrico como referente do seu ideal. Polos escritos deste Risco europeo, aparecen druídas e tesouros escondidos polos mouros

en dolmens e castros. É a Galiza ligada ao mundo atlántico e que a través do Graal ligará coa cristiandade.

En *Mitología Cristiana* (1963) Risco penetra nos grandes mitos que conforman o cristianismo en Europa. A mitoloxía cristiá é a do mundo exterior, o drama do home feito historia. Comeza a obra co ciclo épico, seguíndolle o ciclo trágico.

O ciclo épico, é inaugurado polo tema de “Urwald”- o bosque primixenio- onde nacen os heroes como Buddha, Sigfrido, Parsifal. É o bosque de “Broceliande,” onde aínda viven no mundo feérico, no mundo das fadas, seres das mitoloxías pagás céltica e xermánica. E xunto el o mundo da maxia, o mundo de Venus (Xinebra) sedutora de heroes en poemas e relatos heroicos.

O Graal, é quizais o principal símbolo, o maior misterio que atrapa e encandea a Risco, dedicándolle algúns estudos en artigos e traballos previos a *Mitología Cristiana*, onde nos capítulos dedicados a “La Demanda del Santo Graal” e “Alredor del Misterio” exprese a súa máxima admiración polo símbolo primordial da cabalería celeste medieval. Sabemos que a procura do Graal é o camiño iniciático en busca do centro do Ser, símbolo do corazón e receptáculo da inmortalidad, semellante á pedra filosofal dos alquimistas, da mente diamantina dos budistas. Mundo que, como xa dixemos, preocupan e ocupan a Vicente Risco. Non se queda Risco no seu estudo só nun sentido meramente relixioso e devocional. Sabe que o Graal e a súa procura é un auténtico camiño iniciático, de conquista da natureza interna e obxecto de meditación permanente, sendo o Santo Vaso como núcleo metafísico da individualidade.

En *Orden y Caos* (1968) volta ao mundo dos mitos e a súa importancia na orde cósmica, que para Risco significa vivir en harmonía coa Terra. E no seu defecto, o caos que propician a destrución de cidades como Atioquía, na Limia, asolagada por unha lagoa na que, segundo comentara en *Mitología cristiana*, temos unha lenda que localiza a derradeira batalla do rei Arturo, onde hai unha lagoa da que sae un río (Lethes-Limia) que despois entra en Portugal (...) E cóntase que os mosquitos que voan sobre aquela lagoa son os exércitos do rei Arturo, que alí ficaron agardando o seu retorno. En *Orden y Caos*, regresa á Atlántida, o mundo das fisterras célticas oposto á civilización mediterránea. Por certo, oposto non senso de contrario como o podería pensar un home que cre nos principios da complementariedade do “yin y yang”. Para Risco, o Mediterráneo é alleo ao Atlántico, mais non percibe no ser Mediterráneo a agresividade contra Galiza e o mundo Atlántico que si denuncia en

determinados conceptos de Hispano equiparado á Castilla Imperial que domina a Península, ao modo defendido por Maeztu ou os integristas lusinatos como Antonio Sardinha.

Alén destes libros cuxo estudo, xunto con *Las Tinieblas de Occidente* (1990), permítenos afondar no pensamento risquián, Vicente Risco escribe a finais da década do 1920, principios do 1930 a *Doutrina e ritual da moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal*, publicada en 1979 polo “Centro Ramón Piñeiro” en edición facsímile e cuxo orixinal se custodia na Fundación Vicente Risco grazas á doazón realizada por Pepelino Vázquez-Monxardín Blanco. O manuscrito inclúe debuxos relacionados coa temática. Un traballo, propio do Risco esotérico que nos achega ao misterio do Graal, ao traballo dunha Orde que debe pór fin ao caos na Terra que el ama e sente. A función da Orde sería restaurar o espírito céltico-cristián dos devanceiros. E o lugar elixido para a súa constitución é a simbólica montaña do Cebreiro, lugar no que se atopa un dos graals da Península Ibérica. O Cebreiro, montaña simbólica e centro de peregrinación xa na antigüidade dedicado ao culto do deus Lug e dende a que o peregrino albisca a proximidade e a meta do Camiño de Santiago, o que nos fai pensar nunha cristianización dun centro de culto pagán para ligalo ao Camiño. Por certo un Camiño que ten un forte carácter iniciático. O Cebreiro, lugar onde se produce un milagre, segundo a lenda medieval, onde o pan convértese en carne e o viño en sangue.

A doutrina é unha visión mítica da historia antiga de Galiza. Alusións ao rei Breogán e aos seus fillos Ith e Aimerquin, así como á conquista de Irlanda procedentes do medieval Leabhar Ghabhala (que Risco traducira a galego). A espada do rei Arturo e o río do esquecemento (Lethes-Limia), o apóstolo Santiago e o combate contra os musulmáns, así como a explicación do simbolismo da Copa do Santo Graal. E todo iso escrito nun galego arcaizante, aderezado de alusións ao espertar do espírito da terra e do pobo galego para sacudirse xugos estranxeiros.

Bibliografía

1919

"O druidismo no século XX", *A Nosa Terra*, nº 93, 5-VII, p. 1.

"Triadas druídicas", *A Nosa Terra*, nº 94, 15-VII, p. 2.

"A Atlántida", *A Nosa Terra*, nº 101, 25-IX, p. 5.

1920

O sentimento da Terra na raza galega", *Nós*, nº 1, 30-X, pp. 4-9.

"Galizia Céltiga. A Don Manuel Murguía respetosamente", *Nós*, nº 3, 30-XII, pp. 5-3 14; nº 5, 24-VII-1921, pp. 6-12.

1921

"A Terra", *La Zarpa*, Ourense, 22-X, p. 1.

"O despertamento dos pobos célticos e o porvir de Europa", *A Nosa Terra*, nº 133, 1-II, pp. 4-5.

"Irlanda, Galiza, o gobernador de Pontevedra e Cambó", *La Zarpa*, 3-XII, p. 1.

"Irlanda e Galicia", *Nós*, nº 8, 5-XII, pp. 17-20.

"Os nosos", *La Zarpa*, 10-XII, p. 1.

"O trunfo d'Irlanda", *La Zarpa*, 17-XII, p. 1.

"Eslavos e celtas", *A Nosa Terra*, nº 154, 31-XII, p. 6.

1922

"Dos nosos ulsterianos, e mais da cortesía", *La Zarpa*, 14-I, p. 1.

"A cencia y-os mitos", *La Zarpa*, 1-IV, p. 1.

"O nazionalismo e a políteca", *La Zarpa*, 5-XI, p. 1.

"Ocidentalismo e orientalismo", *La Zarpa*, 25-XI, p. 1.

1935

"A leenda do Graal", *Nós*, nº 139-144, xullo-decembro, pp. 176-182.

1939

"De Sigfrido a Parsifal" *Misión* nº 55. Pamplona.

1942

"El misterio del Santo Grial" *Misión* nº 128. Madrid.

1963

Mitología cristiana, Madrid, Editora Nacional.

1968

Orden y Caos. Madrid. Escelicer.

1979

Doutrina ritual da Moi nobre Orde Galega do Sancto Graal. Centro de Estudos Ramón Piñeiro.

1990

Las Tinieblas de Occidente. Ensayo de una valoración de la civilización europea, ed. de Manuel Outeiriño, Santiago, Sotelo Blanco.

Apéndice

Texto inéditos sobre el Grial de Vicente Risco

Os seguintes textos son transcricións de manuscritos do fondo documental de Vicente Risco, custodiado pola fundación que leva seu nome en Allariz. Organizados en carpetillas temáticas, son textos de diferentes etapas, dende a década do 1920 até 1961, data dun dos recortes de xornais, nomeadamente un artigo sobre o Grial publicado no *Sunday Express* o 8 de xaneiro de 1961. Detalle que lonxe de ser anecdótico, reforza a nosa tese de que hai unha serie de temas que preocuparon, e acompañaron, a don Vicente ao longo da súa vida; entre eles a temática artúrica e o Santo Grial. E tamén, no caso concreto desta temática, axuda a comprender o interese do noso autor pola obra doutros intelectuais e artistas, por exemplo o compositor Richard Wagner polas súas óperas de temática artúrica.

Os textos, - tanto os manuscritos preparados para conferencias ou ser enviados a publicacións, como os apuntamentos e notas que don Vicente toma de libros e revistas -, están escritos en galego e castellano. Neste último idioma abundan a partires do triste 18 de xullo de 1936, data na que o uso académico e público do galego queda prohibido.

Na presente escola reproducécese un fragmento da *Doutrina da moi nobre orde galega do Sancto Graal*, briqueira dun Vicente Risco amante do ocultismo e do esoterismo publicada en 1979 polo Centro de Estudos Ramón Piñeiro, acompañado dun breve estudo introdutorio e anotacións de Xaquín Ventura.

Mais a importancia que esta temática tivo para Vicente Risco, e que sen coñecela difícilmente poderíamos comprender o seu pensamento, así como a aparición de novos manuscritos, apuntamentos, recortes de prensa,... relacionados coa temática, aconsellan revisar o escrito sobre o pensamento risquián.

I

Grial de Valencia

“Su forma es semi-esférica, del tamaño de una naranja grande, y de una especie de piedra ágata conocida con el nombre de cornerina oriental. Su color rojo oscuro es tan especial, que introduciendo en el interior de la copa

una luz, aparecen en su transparencia visos de varios matices, con todas las coloraciones del iris, claros, encendidos y oscuros. Dicha copa está desnuda de toda guarnición de adorno, y su pié, que es del mismo color, parece de concha. Los bordes y centros de éste, están guarnecidos de oro purísimo, veintiocho gruesas perlas, dos balajes y dos esmeraldas. El cuello y las asas son de oro, delicadamente cincelados”. J. Sanchís y Sivera, *La catedral de Valencia*, Valencia 1909, p. 423 (citado por Bonilla San Martín, *Las leyendas de Wagner*, p. 41).

Después de la Asunción de la Virgen, correspondió a S. Pedro que lo llevó de Jerusalén a Roma; en tiempo de san Sixto II, su tesorero S. Lorenzo lo llevó a Huesca, su patria. Con invasión sarracena, los cristianos oscenses huyeron con él a una cueva de los Pirineos, donde más tarde se fundó el monasterio de S. Juan de la Peña (D. Agustín Sales, *Disertación histórica, crítica y expositiva del Sagrado Cáliz en que Cristo Señor Nuestro consagró en la noche de la cena*, 1756).

Después pasó al palacio de la Aljafería, en tiempo de D. Martín Alfonso V, al marchar de Valencia, lo depositó en la catedral.

W. (Wolfram) von E. (Eschenbach) menciona Munsalvaesche, Salvaterre, Zaramanca y Azargur (Zaragoza) p. 43.

“Perillo, príncipe asiático convertido, se estableció durante el reinado de Vespasiano en el NE de España, y guerreó con los paganos de Zaragoza y de Galicia, para convertirlos. Su nieto Titurel venció a estos pueblos y ganó Granada y otros reinos, auxiliado por los provenzales, arlesianos y karlingios, y fundó el culto del Grial en Templo imitado del de Salomón, en Montsalvat, camino de Galicia, circundado de un gran bosque: Salvatierra, instituyendo caballería del Templo (vid. Vilá, *Los trovadores en España*, Barcelona 1861, p. 51)” p. 43.

La historia del G. (Grial) dice W. (Wolfram) “está escrita en las estrellas y tiene su fundamento en Toledo” (p. 45). Para W. fue fijada en Toledo (nota 46). W. (Wolfram) y Chret. (Chrétien) proceden de una fuente común, el 1º (primero) a través de Kyot.

Graal

La leyenda céltica del S. G. (Santo Grial) y de P. (Parsifal), a la que luego se agrega la del Caballero del Cisne, es una de las tradiciones místicas más

importantes de la E. M. (Edad Media) y aquella en que el elevado ideal de la caballería resplandece con destellos más puros (p. 117).

(“No podemos seguir aquí la interesante filiación y las sucesivas transformaciones de esta leyenda. M. de la Villemarqué ha demostrado juiciosamente el origen céltico de la copa maravillosa de Graal o Gradal. La idea de un vaso sagrado que lleno de hierbas de virtud mágica confiere el don de la sabiduría y el profético, es esencialmente céltica. Esta idea naturalista se espiritualizó bajo la influencia del cristianismo y de la Caballería; el vaso sagrado se convirtió en el cáliz eucarístico de Cristo; el don que otorgaba en él de la santidad y su posesión fué símbolo de la más elevada virtud caballeresca. Es probable que dicha transformación comenzó a realizarse en el mismo país de Galés. Al pasar de los bardos galeses a los narradores normandos, de estos a los trovadores franceses y por último a los alemanes, la leyenda tomó un carácter religioso y místico. Hasta nosotros ha llegado bajo 3 (tres) formas características que se corresponden con las 3 (tres) fases sucesivas: 1ª el Peredor del *Mabinogión*, traducido por Carlota Guest; 2ª Perceval le Gallois de Ch. (Chrétien) de Troyes; y 3ª el Parzival de W. (Wolfram) von E. (Eschenbach) El más gallardo, el más delicado de estos relatos es el 1º y más antiguo. El carácter del protagonista y la idea de la demanda del S. G. (Santo Grial), esto es, de la obtención de la nobleza heroica y de la perfección caballeresca se dibujan en ella con toda claridad. La narración del poeta alemán está lejos de ofrecer la misma viveza, pero la idea filosófica de la leyenda se acusa mejor con el ardor del sentimiento religioso... Véase sobre esto el estudio de M. de Villemarqué en sus *Romans de la Table Ronde* y el hermoso libro de M. Kufferatti sobre Parsifal en el que todas las transformaciones de la leyenda están tratadas con rara sagacidad”) (nota a la página 117).

“Según los trovadores y cuentistas de la E.M. (Edad Media) había en el extremo de Oriente algunos dicen que en los confines de la India, una elevada montaña, llamada Montsalvat... un castillo de mármol deslumbrador... un templo... cuyas columnas era de ópalo, las ojivas de ónice, las vigas de asbesto y el atrio de cimofana... perfumes de áloe... voces etéreas de coros invisibles...” p. 118.

Cita: Emilia de Morsier, *Parsifal y la idea de la Redención*, Fischbacher 1893 (“significación esotérica”) – A. Ernst, *La obra poética de R. W. (Richard Wagner)* – Hébert, *Tres instantes del pensamiento de W. (Wagner): El Anillo... Tristán... y Parsifal*.

II El misterio del Santo Grial

Los que han oído y visto el *Parsifal* saben – también pueden saberlo por el más accesible “racconto” de *Lohengrin* – que el Santo Grial es la copa en que José de Arimatea recogió la Preciosa Sangre que manaba de las Llagas de N. (Nuestro) S. (Señor) Jesucristo, cuando, con Nicodemo, lo bajó de la Cruz.

El Santo Grial contiene, pues, el divino precio de nuestra Redención, y es, por lo tanto, milagroso manantial de vida. Se dice en las historias que de él tratan que sólo con mirar el Santo Grial recibían los hombres fuerza y vigor extraordinarios, quedando sus cuerpos sanos de todas las dolencias, recobrando la juventud y sintiéndose colmados de felicidad y alegría. Es la misma idea que da a conocer el cuadro que con el título *Fons Vitae* se guardaba en la iglesia de la Misericordia de Oporto. Y es digno de notarse que en muchos cruceros de los que se encuentran por tierras de Galicia, se representa un ángel recogiendo en un cáliz la sangre que mana del costado de N. (Nuestro) S. (Señor) por la herida que le abrió Longinos.

Lo que ya no saben tantos es que la copa del Santo Grial, en que fué recogida la sangre del Redentor, es la misma en la que Él consagró el vino en la Santa Cena.

De este modo, el Santo Grial contiene, a la vez, el misterio de la Redención y el misterio de la Eucaristía. Y aquella época maravillosa de heroísmo y de milagro, en que su historia fué escrita, que fue nada menos que el siglo de San Bernardo, se ingenió para dejárnosla traducida en términos de Caballería Andante.

II

Mas los escritores que nos dejaron memoria de estas cosas a pesar de saber mucho más que nosotros de aquello que realmente le interesa al hombre saber, no lo sabían todo. Así, para descubrir toda la historia del Santo Grial, desde los tiempos más remotos, hay que llegar a tiempos muy recientes, cuando ya la Cristiandad, a imitación de J.C. (Jesucristo) su Capitán y Cabeza, sufría su dolorosa pasión.

De estos era Ana Catalina Emmerich, monja agustina alemana que vivió de 1774 a 1824 y dejó escritas las revelaciones que había recibido, especialmente en la obra *La Dolorosa Pasión de Nuestro Señor Jesucristo*.

Los demás suponían que el Santo Grial era de una materia preciosa, acaso esmeralda, o de una gema caída de la corona de Lucifer cuando su condenación. Ana Catalina Emmerich dice que estaba hecho de una materia desconocida, algo así como cierta vegetación natural, montado en oro y rodeado de otras seis copas más pequeñas. Se ha hecho notar la coincidencia de esta descripción con los primitivos cálices cristianos, de cuando se practicaba la comunión en las dos especies. Y se dice, con razón, que aquéllos cálices bien pudieron hacerse a imitación de aquél en que fué instituida la Eucaristía.

El Santo Grial fué traído de la Caldea, y se hallaba en poder de Melchisedech, el rey-sacerdote de Salem, y en él, el Santo Rey ofreció el vino a Abraham y se lo regaló después. En las posteridad de Abraham se conservó, y después estuvo en el Templo de Jerusalem; pero habiendo perdido los sacerdotes la memoria de su origen, acabaron por venderlo, y fue comprado por una mujer llamada Seraphia, que según la Madre Emmerich es la misma Verónica, que enjugó el rostro de N. (Nuestro) S. (Señor) cuando iba camino del Calvario.

Y aconteció que fue en casa de esta Seraphia o Verónica donde Jesucristo se reunió con los Apóstoles a celebrar la Pascua, y habiéndole puesto el Santo Grial para servirse el vino, de él se sirvió para operar en él la Transubstanciación.

III

Desde José de Arimatea, encontramos dos versiones fundamentales de la historia del Santo Grial, ambas escritas en el siglo XII: la del francés Chrétien de Troyes y la del alemán Wolfram von Eschenbach. Ambas parecen provenir de la misma fuente, que ahora se insiste en que está tomada de tres historias persas: la historia del rey Gahmuretti, análogo a Gayamereten, que es el primer hombre de los mitos del **Avesta**; la de su hijo Parsiwala, “flor persa”, salvador de Nafartus, castigado por su matrimonio con mujer de otra raza, y conquistador de la piedra preciosa (gohr) de la Ciudad de la Luz; y la de su **auxiliar** Gawan.

Sin embargo, W. (Wolfram) von E. (Eschenbach) refiere que esta historia fué debida al moro Flegetanis, cuyo texto encontró el armenio Kyot en Toledo, en España y lo tradujo al francés.

Lo mismo W. (Wolfram) von E. (Eschenbach) que Chr. (Chrétien) de T. (Troyes) cristianizaron aquella historia – si ya no era cristiana originalmente – y la presentaron como novela de Caballerías. En lo cual

tuvieron un acierto que quizá ellos mismos no sospechaban, pues parece como si hubieran sido guiados por una misteriosa luz intelectual, desde luego, no la del Grial persa, sino la del Grial cristiano. Pues el Cristianismo posee esta virtud maravillosa de transfigurar y purificar todo aquello que recibe su iluminación; es como fuego divino, salido de corazón amantísimo de Jesús, que todo lo redimió con Su Sangre.

Ahora no vamos a discutir la cuestión del origen de la historia del Santo Grial, pues aún habiendo de ella una versión persa – suponiendo que tuvieran razón Otto Rahn y otros AA (autores); que también hay alguno, como Walter J. Stein, que la refiere a acontecimientos del tiempo de Carlomagno – ello no elimina la posibilidad de un prototipo cristiano que los persas hubieran adaptado, cosa muy fácil en el ambiente del Asia Occidental en los primeros siglos de nuestra Era. Y si la adaptación hubiese sido al revés, como quieren aquellos autores, no se puede dudar de que W. (Wolfram) von E. (Eschenbach) y Chr. (Chrétien) de T. (Troyes) lo hicieron con perfección genial, de verdaderos inspirados.

IV

En relación con España, no debemos olvidar, en primer término, al moro Flegetanis, el cual era astrólogo, y sería curioso probar a identificarlo con alguno de los AA (autores) hispano-arábigos conocidos. De los dos autores cristianos que aprovecharon su obra, tenemos que la versión castellana de *La Demanda del Santo Grial*, y otra paralela galaico-portuguesa, provienen de Chr. (Chrétien) de T. (Troyes). Y, sin embargo, éste lleva el Santo Grial lejos de España, al castillo de Corbenic, situado en un país llamado *Terre Foraine*, y erigido por un rey sarraceno llamado Kalaph, a quien Alan, hijo de José de Arimatea, había curado de la lepra y convertido al cristianismo, casándose después con su hija y heredando luego su reino. A Alan sucedieron, de padre a hijo, Aminadap, Cathelois, Manaal, Lambor, Pellehan y Pelles, que fueron llamados los Reyes Pescadores.

De estos Reyes Pescadores se ha dicho que simbolizaban a los Romanos Pontífices, sucesores de San Pedro, que fué Pescador, y que llevan en el dedo como señal de su dignidad el Anillo del Pescador.

Sin embargo, la historia refiere como Pelles, el Rey Pescador, tuvo una hija de sin igual hermosura, destinada al mejor caballero de todos los tiempos. El mejor caballero de de todos los tiempos fué, sin duda, Lanzarote del Lago, hijo de la Dama del Lago, o sea el hada Viviana, la que

luego fué amante del encantador Merlín y lo hizo víctima de sus propios sortilegios.

Observemos ahora, con el mayor cuidado, que la aventura de la conquista del Santo Grial estaba dispuesta para Lanzarote del Lago, pero Lanzarote no pudo llevarla a cabo por haber cometido pecado de lujuria, pues tuvo amores con la hermosa Reina Ginebra, esposa del famoso Rey Artús, fundador de la Orden de la Tabla Redonda. Por este motivo, con Lanzarote terminó para siempre la Caballería Terrestre, que realiza sus hazañas tan solo por los valores humanos del honor y de la gloria, que son mucho, sin duda, pero no son todo, y principalmente son cosa de este mundo percedero.

Pero Lanzarote tuvo, con la hija del Rey Pescador, un hijo llamado Galaad, el cual fué enteramente puro y limpio, tanto que jamás cometió pecado, ni conoció mujer, ni deseó conocerla. Y por esta razón, Galaad – en quien la naturaleza humana parece acercarse cuanto es posible a la naturaleza angélica, no solo en esa inocencia virginal que es la más preciada flor del ideal cristiano, sino también en el poder de su brazo y en el valor impávido – fué el conquistador del Santo Grial, y con él comienza la Caballería Celeste, que se mueve tan solo para extender el Reinado de Cristo.

He aquí la enseñanza que nos ofrece el misterio del Santo Grial, y que todos debemos guardar en el corazón, para que guíe nuestros pasos.

V

La versión de W. (Wolfram) von E. (Eschenbach) dice, en cambio, que Perillo, príncipe asiático convertido al cristianismo en tiempo del emperador Vespasiano – de quien también se dice hacerse convertido, curado de la lepra mediante la Santa Faz del paño de la Verónica, y que por esta razón hizo **la guerra** contra los judíos, para vengar al Salvador – fué quien trajo el Santo Grial a Occidente.

Perillo guerreó en España con los paganos en Zaragoza y de Galicia – curiosa coincidencia con los dos puntos de apoyo de la predicación del señor Santiago – y su nieto, Titurel, **auxiliado** por los provenzales, arlesianos y carlingos, venció a aquellos pueblos y ganó a Granada.

Después, Titurel, en el lugar llamado Montsalval o Montsalvage, rodeado por el bosque de Salvatierra, levantó un Templo suntuosísimo,

semejante al de Salomón, para guardar en él el Santo Grial, y para su servicio, instituyó la Orden de Caballería del Temple.

¿Dónde estaba situado el Montsalvat? Desde luego en los confines de la España musulmana. Dos lugares hay en España que guardan relación con el misterio del Santo Grial: uno es el monasterio pirenaico de San Juan de la Peña; otro, el santuario del monte Cebreiro, en Galicia.

De San Juan de la Peña procede un cáliz antiquísimo, que la fama asegura ser el de la Santa Cena. Es de cornerina oriental, de color rojo oscuro con aguas y visos, montado en oro, con dos asas y adornado con perlas. En realidad, se parece tanto a la descripción de Catalina Emmerich, que bien pudiera ser, al menos, una de las “seis copas más pequeñas” que rodeaban el Cáliz del Señor. La tradición asegura que este cáliz es, en efecto, el de la Cena. San Pedro lo trajo de Jerusalén a Roma; pero cuando el diácono san Lorenzo se vio amenazado de tener que entregar los bienes de la Iglesia al César, envió el cáliz a Huesca, su patria, para que lo guardasen. Sobrevino la invasión sarracena, y el clero de Huesca ocultó la preciada reliquia en la cueva de la que surgió el monasterio de San Juan de la Peña, y en el monasterio se conservó después, hasta los tiempos de Don Martín el Humano, rey de Aragón, al cual lo cedieron los monjes. Don Martín lo tuvo en su palacio de la Aljafería de Zaragoza; pero Alfonso V lo llevó a Valencia, y al trasladarse a Napolés, lo depositó en la catedral valenciana, a la que se lo donó en 1428. Y allí quedó hasta hoy. En él se reservaba la Sagrada Hostia el Jueves Santo, pero el año 1744, cayó y se rompió. Desde entonces solo se exhibe en la fiesta que se le dedica el primer domingo de julio.

En el monte Cebreiro, en Galicia, existe un cáliz que parece ser del siglo XII, que se llama el del Santo Milagro, y que puede ser sucesor de otro más antiguo en que cual haya tenido lugar, en efecto, pues allí hubo un famoso Hospital de Peregrinos, fundado en el siglo IX por san Giraldo, conde de Aurillac, y enriquecido por donaciones y privilegios de los reyes Alfonso VI, Alfonso VII, Fernando II y Fernando e Isabel la Católica, y de los papas Inocencio VIII, Alejandro VI, y otros.

Dícese que un día de gran nieve oficiaba en el altar un sacerdote incrédulo, y habiendo visto llegar a un piadoso vasallo de la casa a oír la Santa Misa, dijo para sí: “Cual viene este otro, con una tan grande tempestad y tan fatigado, a ver un poco de pan y vino”. En este momento, el impío clérigo contempla con terror que la hostia que tiene en sus manos se convierte en verdadera carne, y el vino que tiene en el cáliz se convierte en roja sangre... Resta de la carne y de la sangre se conservan en sendos

relicarios, y el milagro es referido por el Licenciado Molina, el P. Yepes y otros AA (autores).

La relación de San Juan de la Peña con Zaragoza y del Cebreiro con Compostela, y la de ambas huellas del Santo Grial con el Camino de Santiago, son otros dos elementos de la revelación del misterio.

VI

En la narración de W. (Wolfram) von E. (Eschenbach) se basa el *Parsifal* de Wagner, una de las más prodigiosas revelaciones artísticas de todos los siglos.

Anfortas, hijo de Titurel, yace postrado de una herida terrible que le causó Klingsor, el mago, con la lanza de Longinos, en castigo de un pecado. Sólo puede curarlo un ser inocente. El predestinado es Parsifal; pero Parsifal es un ignorante salvaje. Llega al Montsalvat y mata uno de los cisnes del lago. El sabio caballero Gurnemaiz le perdona, lo conduce al Templo y le hace contemplar el Misterio; pero viendo la estupidez de Parsifal, lo arroja fuera.

Parsifal va a dar al jardín encantado de Klingsor. Es inocente, pero ha de sufrir la prueba de la seducción. Tiene que vencer la tentación de Kundry, la mujer dominada por el mago, y al fin, éste viene contra él con la lanza de Longinos; pero no logra herirle, y Parsifal se la arrebató. Todos los encantos se deshacen y el jardín desaparece.

Armado caballero por el rey Artús, cubierto de negra armadura, después de mil riesgos y combates, Parsifal llega a una choza donde Gurnemaiz hace vida eremítica, servido por Kundry arrepentida. Es Viernes Santo. Gurnemaiz hace que Parsifal deponga las armas. Parsifal ora ante la Sagrada Lanza y se descubre. Gurnemaiz lo unge rey del Montsalvat. Parsifal bautiza a Kundry. Van al Templo. Parsifal toca con la lanza la herida de Anfortas y lo sana. Parsifal eleva la Sagrada Copa, y a través de un rayo de luz celeste, desciende la paloma a renovar el milagro.

Misterio sublime, cargado de significaciones, que a Wagner le fué, sin duda, inspirado. ¿Quién conoce los caminos de Dios? Acaso Wagner no lo mereciese como hombre, acaso se hiciese digno como artista, y sobre todo, el Espíritu sopla donde El quiere.

A pesar de su triste ceguera religiosa, Nietzsche comprendió bien lo que era *Parsifal*. Comprendió que con aquello perdía a Wagner para

siempre, como dos amigos íntimos que supieran que, al separarlos la muerte, uno ha de salvarse y otro ha de condenarse.

VII

¿Para qué más explicaciones? En las revelaciones artísticas, al que no sepa entender lo que el propio símbolo dice, de poco el servirá la glosa. La exégesis puede apagar el espíritu. Gurnemaüz – la Tradición – habla también simbólicamente.

Pero una última observación: de las dos versiones ¿no pudiera ser la de Chr. (Chrétien) de T. (Troyes) – Galaad – la historia pretérita del Santo Grial, y la de W. (Wolfram) von E. (Eschenbach) – Parsifal – su historia futura?

¡Es preciso reconquistar el Santo Grial!

III

Doutrina da moi nobre orde galega do Sancto Graal, en seis capítulos (fragmento)

[...]

Ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal

Título I. Do Templo da Orde

1.- A Orde non ten mais qu'un sóio Templo, qu'é o Monsalvat; todos os outros templos son somentes imitanza o representación d'aquil Templo Úneco.

O Templo será cadrangular oblongo: n-un testeiro, a porta do lado Oriental; n-outro testeiro, do lado Oucidental o Altar. – Do lado esquerdo do altar, estará o Trono do G. M. y-a un lado y-outro d'il, dous bancos corridos pr'os Capitulares, e defrente, os bancos pr'os Cabaleiros Profesos. Os Postulantes estarán de pé, ond'a porta. – Podendo ser, as paredes estarán cobertas con colgadas, o chao coberto c'unha alfombra verde – (color da Terra) – y-o teito pintado d'azul, e sobr'il en ouro as costelaciós, y-a Galaxia ou Camiño de Santiago, indo dend'a porta hastr'o altar. – Os bancos serán de pau.

O Trono do G. M. será un sillón de brazos, coberto c'un gran pano de damasco bermello, y-ôs pésteria unha almohada de veludo da mesma coor.

O Altar será unha mesa con frontal e mantel. De retabulo servirá o Estandarte da Orde. Diante estará a Urna qu'encerra o San Graal, en figura de castelo, con portas e cortinas. Na mesa pousarensen o Corno de Breogán – A Espada d'Artús – A Espada de Ritual – o Libro da Orde.

N-o Templo haberá unha campáa. O alumbrado será de cera.

Título II. Das cousas litúrxicas

O San Graal estará repersentado por un Caliz baixo, grande, de forma románeca ou oxival, con dúas asas. Estará coberto c'un pano branco de tisú, e metido n-unha urna en figura de Castelo.

O Corno de Breográn estará representado por unha trompeta de bronce o de corno, con decoración céltiga, e terá bandolera para penduralo.

A Espada d'El-Rei Artús será do estilo do século XI ou XII, y-estaré metida n-unha vaina de coiro con abrazadeiras, e conteira, e adornos.

A espada ritual será do mesmo estilo, pro non terá vaina y-estaré sempre ispidada.

O Libro da Orde será escrito a man en pergamiño con letra gótica e viñetas e mais ilustracións en coires e ouro, y-estaré encadenado com'os Evanxeliarios irlandeses, que chaman d'arte celtocristiano.

O Estandarte da Orde será de seda branca cos bordados que s'indican no deseño adxunto.

A Taboa Redonda estará representada por unha mesa da forma que indica o seu nome, e que se cubrirá c-un mantel branco pr'ôs ágapes.

COPA DO SANT GRAAL

ESTANDARTE DA ORDE

PLANO DO TEMPLO

A – Altar

G – Grada

B – Bancos

T – Trono

P – Porta

L. cap. – Lugar pr'ôs Capitulares

L. C. – Lugar pr'ôs Cabaleiros

L. P. – Lugar pr'ôs Postulantes

Oueste

Este

RITVAL DA MOI NOBRE ORDE GALEGA DO SANCTO GRAAL. Titulo I Do Templo da Orde. 1.- A Orde non ten mais qu' un sóio Templo, qu' é o Monsalvat; todos os outros Templos son somente imitauza e representacion d'aquél Templo Unico.

O Templo será cadrangular oblongo: n- un testeiro, a porta, do lado Oriental; n- outro testeiro, do lado Occidental o Altar. — Do lado esquerdo do altar, estará o Trono do G. M. y- a un lado y- outro d' él, dous bancos corridos pr' os Capitulares, e defrente, os bancos pr' os Cabaleiros Profesos. Os Postulantes estarán de pé, ond' a porta. — Poderdo ser, as paredes estarán cobertas con colgaduras, o chao coberto c' unha alfombra verde (color da Terra) — y- o teito pintado d' azul, e sobr' él en ouro as costelariás, y- a Galaxia ou Camiño de Santiago, indo deud' a porta hast' o altar. — Os bancos serán de pau.

O Trono do G. M. será un sillón de brazos, coberto c' un gran pau de damasco bemello, y- ós pés terá unha almofada de veludo da mesma cor.

O Altar será unha mesa con frontal e mantel. De retabulo servirá o Estandarte da Orde. Diante estará a Uma qu' encerra o San Graal, en figura de castelo, con portas e cortinas. Na mesa posarase: o Lomo de Boregân — A Espada d' Artus — a Espada do Ritual — o libro da Orde.

N- o Templo haberá unha campáa. O alumbrado será de cera.

Titulo II Das cousas litúrxicas. O San Graal estará representado por un Caliz baixo, grande, de forma románica ou oval, con duas asas.



COPA DO SANT GRAAL

Estará coberto c' un pau branco de tiri, e metido n- unha uma en figura de castelo.


O Lomo de Boregân estará representado por unha trompeta de bronce ou de cono, con decoracion celtiga, e terá bandolera na parte duralo.

A Espada d' El-Rei Artus será do estilo do século XI ou XII, y- estará metida n- unha vaina de couro con abraseleiras, e conteira, e adomes.


A espada ritual será do mesmo estilo, pro

non terá vaina y- estará sempre ispidá.

O libro da Orde será escrito a man en pergamino con letra gótica e viútas e mais ilustraciós en cores e ouro, y- estará encadernado con' os lvanxelarios irlandeses, que chaman d' arte celtocristiós.



ESTANDARTE DA ORDE



- A. Altar
- G. Grada
- B. Bancos
- T. Trono
- P. Porta
- L. Cap - Lugar pr' os Capitulares
- L. C. - Lugar pr' os Cabaleiros
- L. P. - Lugar pr' os Postulantes

PLANO DO TEMPLO

O Estandarte da Orde será de seda branca cos bordados que s' indican no desenhado adxunto.

A Taboa Redonda estará representada por unha mesa da forma que indica o seu nome, e que se cobrirá c' un mantel branco pr' os agapes.